

## A MOBILIZACIÓN COLECTIVA FREA NOVAMENTE O PECHE DE CAMAS

**Este verán non se pecharán camas de hospitalización psiquiátrica na Área Sanitaria de Santiago.** A intención de facelo estaba reflexada no *Plan de continxencias* elaborado pola Xerencia da Área e que foi coñecido extraoficialmente, moi ó pesar da Dirección, pol@s traballador@s de saúde mental. O **Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM)** manifestouse radicalmente oposto a el, desenvolvéndose diversas accións nestes días protagonizadas polo colectivo profesional.

Finalmente, o pasado venres, a Xerencia comunicou directamente a unha representación de traballadoras, que o peche anunciado de 15 camas psiquiátricas, non ía ter lugar.

É unha moi boa nova. É motivo de satisfacción e orgullo para os profesionais que se mobilizaron na defensa dos dereitos asistenciais sanitarios dos cidadáns, da sanidade pública, dos recursos de asistencia á saúde mental e dos dereitos d@s traballador@s.

Outra vez -como cando o ano pasado se freou o plan de peche da Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital Gil Casares-, foron a unidade, a actitude decidida, o esforzo e a conciencia de estar na razón e no dereito defendendo o que é de toda a poboación, o que fixo que os nosos xestores abandonaran un plan elaborado como consecuencia dos recortes que se están a sufrir nos servizos públicos. Fronte a este xeito da Consellería de Sanidade de respostar á crise, contrapuxemos a loita decidida, firme e unitaria d@s traballador@s para evitalo.

Sen embargo, durante os días nos que se mantiveron a incertidume pola ameaza de peche de camas e as accións do colectivo de profesionais para remedialo, ocorreron feitos extremadamente graves na Área de Saúde Mental do CHUS, por parte do Xefe de Servizo, que atentan contra a liberdade de expresión ó adicarse a arrincar carteis e pancartas elaborados polos traballador@s con lemas de protesta contra os recortes e o peche de camas. Estes feitos foron postos en coñecemento dos responsables do Complexo Hospitalario de Santiago a través dos procedementos administrativos previstos para tal efecto.

Desde o MGSM valoramos como conduta grave, daniña para a convivencia, lesiva para os dereitos fundamentais e laborais, e inaceptable nunha sociedade democrática, a actitude que durante o conflito tivo o Xefe de Servizo de Psiquiatría do CHUS, por considerala incompatible co desenvolvemento da súa función. É obriga de tod@s impedir que estas condutas se produzan impunemente na sanidade pública.

En Santiago de Compostela, a 15 de xuño de 2015